

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA POLA QUE SE AUTORIZA A AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA A COLOCACIÓN, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, DE ATA 50 CORDAS COLECTORAS MÁIS POR BATEA EN TODOS OS POLÍGONOS DE CULTIVO DE GALICIA.

ANTECEDENTES

1. O 17 de agosto do 2022, MEJILLONEROS DE GALICIA SOC. COOP. LTDA. (SOCOMGAL) solicita que se prorrogue o tempo de permanencia de cordas colectoras entre un e dous meses mais aló do 30 de setembro de 2022 nas bateas dos polígonos da Ría De Vigo.
2. O 22 de agosto do 2022, FEMEX FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MEXILLOEIROS solicita a prórroga da colocación de cordas colectoras ata o 30 de novembro de 2022 nas bateas de todos os polígonos de Galicia.
3. O 26 de agosto do 2022, AMEGROVE SOC. COOP LTDA solicita que se prorrogue o tempo de permanencia de cordas colectoras entre un e dous meses mais aló do 30 de setembro de 2022 nas bateas dos polígonos C do GROVE.
4. O 20 de setembro de 2022, ASOCIACIÓN PRODUCTORES MEJILLONEROS RIA NOSA DE MOAÑA solicita que se prorrogue o tempo de permanencia de cordas colectoras ata o 1 de decembro de 2022.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Mediante resolución do 03.03.2022 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica autorizouse a colocación, con carácter extraordinario, de ata 50 cordas colectoras máis por batea en todos os polígonos de cultivo de Galicia ata o 30.09.2022.

Esta autorización realizouse polas circunstancias excepcionais da presente campaña como os desprendementos de mexillón, escaseza de mexilla axeitada nas rochas na época hábil de recollida, a dependencia directa dos factores climatolóxicos nos desoves do mexillón así como a limitación das zonas para a extracción de semente de mexillón en banco natural que levaban consigo ter en consideración a petición do sector na ampliación do prazo para a colocación de cordas colectoras así como a modificación do seu número.



Solicitada pola maioría das entidades representativas do sector a ampliación do prazo do tempo de permanencia de cordas colectoras ata o 30.11.2022, e informado favorablemente pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica por mor do reducido tamaño da semente e a tardía fixación larvaria motivada polas circunstancias climáticas, constátase a permanencia das mesmas circunstancias que motivaron a autorización para a colocación extraordinaria de 50 cordas colectoras máis por batea ata o 30.09.2022, polo que cómpre prorrogalo en consonancia coa ampliación do prazo do tempo de permanencia das cordas colectoras.

En base ao exposto, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica **RESOLVE:**

Modificar o prazo establecido por Resolución do 03.03.2022, pola que se autorizou con carácter extraordinario e atendendo a circunstancias excepcionais desta campaña a colocación de ata 50 cordas colectoras máis por batea en todos os polígonos de cultivo de Galicia, **baixo as seguintes condicións:**

1. As cordas colectoras poderán manterse na batea ata o 30.11.2022.
2. As cordas colectoras, que terán libre un dos seus extremos, non poderán ter máis de cinco metros de lonxitude contados a partir da superficie do mar. Cada unha delas deberá estar claramente identificada mediante unha marca de cor vermella intensa, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que a diferencie perfectamente das cordas de engorde.
3. As persoas concesionarias deberán comunicar previamente e con antelación suficiente o número de cordas colectoras que permanecerán no período extraordinario (do 01/10/2022 ata o 30/11/2022), indicando o nome do viveiro e a súa localización, á Subdirección Xeral de Acuicultura, Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. A comunicación poderá ser realizada a través do modelo PR004 ou a través do correo electrónico servizo.innovación.acuicultura.cmrn@xunta.gal

4. Seguimento da recollida de semente de mexillón nas cordas colectoras

Os concesionarios deben realizar a declaración de recollida de semente de mexillón nas cordas colectoras. A Consellería do Mar ten establecido como ferramenta de comunicación entre os concesionarios de viveiros e a Administración, a declaración de captación de semente de mexillón a través da aplicación informática de expedición de documentos. A ferramenta web permite a declaración de obtención de semente de mexillón en cordas colectoras, a cal poderase utilizar dende diferentes dispositivos, tanto dende unha aplicación telemática como dende o TICPESC ou dende o móbil (aplicación MOVITIC). Os concesionarios de viveiros deberán achegar a seguinte información:



O nome do viveiro, a súa localización, a data de colocación de ditas cordas, o número de colectores totais no viveiro, a cantidade de semente de mexillón recollida por corda colectora, o tamaño medio e o viveiro de destino da dita semente.

En todo caso, para os efectos de realizar o correspondente seguimento técnico, os titulares dos viveiros deben colaborar co persoal da Consellería do Mar facilitándolles a información que lles sexa requirida.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Antonio Basanta Fernández

